CARTOGRAFÍA DIVERTIDA

Sabela Ferrás. 5ºA

O día 9 de Xuño veu ao noso colexio Carlos Ferrás, un xeógrafo da Universidade de Santiago; falounos de forma divertida da cartografía que é unha palabra que vén do grego e fai referencia ao proceso de elaboración de mapas: é divertida cando aplicamos cousas diferentes para entendelo mellor. Explicounos cousas do que se pode facer en Google Earth como buscar a túa casa nun mapa…Miramos diversos mapas, uns con debuxos, outros temáticos para o estudo, mapas árabes de fai mil anos, mapas de África dos navegantes portugueses, etc. Ensinounos a facer sinxelos mapas de tesouros como o da miña compañeira Alicia que debuxou un, do percorrido da súa casa ata a nosa escola. Despois puidemos preguntar algunhas dúbidas que tiñamos. Por último puidemos ver e xogar cos estereóscopos e as fotos aéreas tomadas dende moitísima altura para ver as paisaxes en tres dimensións. Ademáis de ver, tocar e interpretar mapas topográficos de Irlanda, Inglaterra e Galicia. A mín gustáronme moito as fotos aéreas xigantes de Pontedeume e do Barco de Valdeorras, e todos os nenos disfrutamos moito porque aprendimos moitas cousas novas dun xeito fácil e divertido; gustaríame repetilo.

SCRATCH

Jorge Gómez, Profesor do IES Rosalía de Castro impartiu ao alumnado de 6º de EP un curso de programación Scratch.
Scratch é un ámbito de aprendizaxe de linguaxe de programación, que permite aos principiantes ou persoas sen sentido da programación, obter resultados sen ter que facer nada de nada ou aprender a escribir de xeito sintácticamente correcto primeiro.

VISITAMOS O BARBANZA

O alumnado de 2º EP realizamos unha excursión polo Barbanza. O día 12 de xuño pasamos un día de praia en Cabio, no concello da Pobra do Caramiñal. Pola tarde fomos a Corrubedo e demos un paseo polo complexo dunar.

OS SEGUNDOS VAN Á PRAIA

O xoves 19 de xuño os tres segundos, as súas titoras e o profesor de inglés , Ramón, fomos á praia de Cabío , na Pobra do Caramiñal.
Facía un día precioso! Saímos do colexio coas nosas mochilas preparadas e as gorras na cabeza.
Canto falta, canto falta? A viaxe parecía que non ía acabar nunca . Por fin , chegamos.
Botamos máis crema, collemos a toalla e… a xogar coas palas, a buscar cangrexos ou peixes nas pozas, a investigar, a tumbarnos na area, …
Piiiiii! Piiiiii! Todo o mundo á auga! Que ben o pasamos! A auga estaba boísima, limpa e tranquila e nós estábamos disfrutando a tope.
Á unha recollemos e fomos comer, cada un o que trouxera na mochila e de postre ,xeado.
Despois de comer xogamos ás cartas , ás palas, lemos cómics,falamos, mentras os profes comían.
De volta ao autobús, subimos a un monte chamado Curota, e dende o mirador Ramón ensinounos: a illa de Arousa, Vilagarcía, Cabo de Cruz , a illa de Sálvora, Aguiño, Ribeira, Corrubedo ,…Ata vimos as illas Cíes.

Foi unha excursión moi bonita e pasámolo moi ben.